

BASES QUE HAN DE REXER A DETERMINACION DUNHA LISTA DE ESPERA PARA A COBERTURA DE VACANTES NO CONSERVATORIO DE MÚSICA PROFESIONAL DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ.-

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é a selección dunha lista de espera para a cobertura de vacantes nas disciplinas e coas titulacións que se especifican a continuación:

- 1
- 2 1 profesor de percusión
- 1 1 profesor de violonchelo

2.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

Será un contrato de interinidade ou acumulación de tarefas, segundo proceda e ao abeiro do artigo 15 do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, na redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, e demais normas de aplicación. O "I Convenio Estatal de Enseñanza y Formación no Reglada" establece que o módulo semanal de referencia é de 34 (trinta e catro) horas semanais.

3.- RETRIBUCIÓN

A remuneración, será a establecida segundo a dotación orzamentaria municipal vixente.

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso de méritos.-

5.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

- 1 Ter cumpridos os 16 anos de idade.
- 1 Ser de nacionalidade española ou dun estado membro da Unión Europea.
- 1 Posuí-la titulación esixida en cada caso pola lexislación vixente. Título Superior na especialidade correspondente (LOXSE), título de Profesor Superior, ou de Profesor, na especialidade correspondente (Plan 1966) ou título Profesional na especialidade correspondente (1942).
- 1 Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función.
- 1 Non estar incurso nas causas de incapacidade que determina a lexislación vixente.
- 1 Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- 1 Estar en posesión da titulación de lingua galega seguinte: Celga 4 ou equivalente.
- 2 Tódolos requisitos anteriores deberán de terse no momento de remata-lo prazo de admisión de solicitudes e conservarse a documentación no expediente instruído.

6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

De acordo coa lexislación vixente aplicable, establécese do seguinte xeito:
Será feita no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de cinco días naturais, contados a

partir do seguinte día ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Admitirase así mesmo a presentación por calquera dos medios admitidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Tamén se publicarán as bases na paxina web do Concello.

Os aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude, e en todo caso antes do remate do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen (cursos, cursiños, xornadas, diplomas, experiencia laboral, etc.). A vida laboral por sí mesma non acredita a índole dos servizos prestados, polo que debe acompañarse dalgún documento que acredite este extremo. Tamén deberán presentar a documentación xustificativa da titulación en lingua galega.

Rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase na páxina web e no taboleiro de edictos a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, concedendo un prazo de emenda de defectos de cinco días naturais. Rematado o mesmo, publicarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. De non existir aspirantes excluídos, a listaxe provisional elevaráse a definitiva.

7.- COMISIÓN CUALIFICADORA

A Comisión Cualificadora estará formada por:

-Presidenta: Titular: D^a M. Montserrat González Rivera

Suplente: D^a Eva Bergantiños Pérez

-Secretario: Titular: D. José Manuel Cabarcos Anca

Suplente: D^a Julia Guerreiro Rodríguez

- Vogais:

Titular: D. Carlos A. Domínguez Adegá

Suplente: D. José Gerardo Pais Antigueira

Titular: D^a Marina Seco Paz

Suplente: D^a M. Carmen Rego Piñeiro

Titular: D. José Sanjurjo Paz

Suplente: D^a M. Flor Vázquez Alonso

- Asesor: D. Ernesto Gancedo Herreras

- Asesor: D. José Manuel Campello Blanco

Tódolos membros de dita Comisión terán voz e voto nas deliberacións da mesma.

Os membros da Comisión Cualificadora deberán absterse de formar parte dela cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

En ausencia do presidente, el será substituído polo vocal de maior idade.

En ausencia do secretario, el será substituído polo vocal de menor idade.

8.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

- FASE DE CONCURSO

De acordo coa lexislación vixente, o procedemento de selección consistirá nunha valoración dos méritos dos aspirantes a teor da documentación aportada; e as titulacións serán as recoñecidas pola Administración española; dita valoración abranguerá o expediente académico e profesional debidamente avaliados pola comisión cualificadora e conforme ó seguinte baremo:

A. SERVICIOS PRESTADOS NO ENSINO DA MÚSICA COMO PROFESOR.

Traballo en conservatorios de música 0,08 puntos/mes ata un máximo de 3 puntos.

Traballo en escolas de música: 0,04 puntos por mes ata un máximo de 1,5 pto.

B. CURSOS, CURSIÑOS, XORNADAS NA AREA MUSICAL E AFÍNS.

Computaranse os diplomas de cursos, cursiños, xornadas, etc. que estean outorgados pola Administración, a razón de 0,02 puntos por hora, ata un máximo de 2 puntos.

C) OUTRAS TITULACIÓNS NA AREA MUSICAL (Máximo 3 ptos)

Título profesional de música noutra especialidade que non sexa obxecto da convocatoria: 0,5 ptos.

Título superior noutra especialidade que non sexa obxecto da convocatoria: 1 ptos.

Graos universitarios ou titulación equivalente relacionados coa música ou a educación: 1 pto

Masters, posgraos ou similares relacionados coa música ou a educación: 0,5 puntos

- PROBA DE GALEGO

Será realizada unha proba de lingua galega aos aspirantes que non acheguen a documentación xustificativa de lingua galega a que se refire a Base 5ª. Trataráse dunha tradución directa ou inversa dun texto durante o período máximo de quince minutos e os aspirantes serán, no seu caso, convocados expresamente para a súa realización.

9.- PROPOSTA DA COMISIÓN E LISTA DE ESPERA

A comisión seleccionadora propondrá unha lista de espera por especialidades e por orde decrecente de puntuación. Poderá ser tida en conta, se é o caso e polo período de tres anos, de producirse calquera baixa do profesorado que afecte á marcha normal do centro : maternidade, baixa médica ou calquera outra de análoga natureza. O funcionamento da lista é o seguinte: producida a continxencia, emitirase informe polo Sr. Director do centro sobre a índole da mesma e a necesidade de contratación, á vista do que o Concelleiro Delegado emitirá o correspondente Informe ao respecto. Cada especialidade é independente das demais, polo que se xerarán tantas listas como especialidades constan na base primeira. O rexeitamento da chamada provocará que o aspirante pase ao final da lista. O mesmo sucederá unha vez rematado o contrato.

No que atinxe á especialidade de percusión, prevalece a lista anterior, vixente desde o 21/11/2016 e soamente no caso de esgotarse aquela comezará a vixencia desta. Na especialidade de violoncello non existe lista na actualidade.

10.- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes seleccionados deberán de presenta-la documentación acreditativa do

cumprimento dos requisitos establecidos na base 5ª no prazo de 3 (tres) días hábiles a contar a partir do día seguinte ó da notificación da proposta de contratación.

11.- RECLAMACIÓN E RECURSOS

Contra as puntuacións da fase de concurso outorgadas pola Comisión Cualificadora, poderán reclamar os interesados perante éste no prazo dos tres días seguintes ao de ser publicadas.

Contra a proposta de aprobados, publicación de lista de espera, etc.. efectuada polo órgano de selección, poderá interpoñerse o recurso de alzada regulado no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes, perante o Concelleiro Delegado da Area de Réxime Interno e Recursos Humanos..

Contra a Resolución do Concelleiro Delegado de nomeamento do aspirante seleccionado, lista de espera, etc, cabe interpor recurso potestativo de reposición perante o dito concelleiro no prazo dun mes; ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo N.º 1 de Ferrol ou, á súa elección, o Xulgado da circunscrición na que teña aquel o seu domicilio.

12.- IMPUGNACION.

As presentes bases poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

13.- NORMA FINAL.

En todo o non previsto nestas bases estárase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réximen local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro (TR-LEBEP) Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.